

Exposición

# REDES DO PAÍS

Fundación Luis Seoane

4.03.23 | 3.09.23

Manuel Olveira | Comisario



Nos anos 60 y 70 do pasado século, como continuación das dinámicas a prol da xusticia e a equidade que comezaron trala II Guerra Mundial, desencadenáronse unha serie de movementos reivindicativos nos eidos político, social ou cultural que inegablemente contribuíron a ir ensanchando os dereitos democráticos de toda a cidadanía ata a contrarrevolución neoliberal dos anos 80. Un dos protagonistas, que en boa medida deu fundamento filosófico a esas reclamacións, foi Michel Foucault, quen, no curso do 7 de xaneiro de 1976, denominou “insurrección de saberes sometidos”<sup>1</sup> á transformación das relacións entre saber, poder e verdade que os movementos sociais estaban propiciando.

---

<sup>1</sup> Michel Foucault, Curso del 7 de enero de 1976: Dits e Écrits, tomo III, texto 193.

Derívase das súas formulacións que unha serie de saberes que até entón eran entendidos como “menores” ou “subalternos” se ergan como alternativas perfectamente lexítimas aos saberes tecnocientíficos. Así, os saberes de minorías ou de grupos minorizados, racializados e subalternizados como mulleres, migrantes ou proletarios industriais e, sobre todo no caso que nos ocupa, agrícolas, empezaron a ser valorados.

Desta maneira, os saberes das sociedades labregas vanse paulatinamente liberando da súa posición “residual” para erguerse en protagonistas dos relatos. Os traballadores non so son suxeito político senón tamén axente directo que produce saber sobre sí mesmo e sobre as súas condicións históricas, sociais e culturais. De suxeito político narrado por outros pasa a ser un suxeito político empoderado que narra coa súa propia voz, de forma sempre parcial, sempre situada, a súa propia opresión opoñéndose á “verdade” histórica dominante.

Unha aplicación disto pódese apreciar na realidade da Europa rural. A pesar das diferenzas entre as diferentes rexións e comunidades locais dos diferentes países, todas as sociedades rurais comparten formas históricas de organización baseadas na adaptación ó medio ou nos traballos comunitarios, e actualmente tamén comparten problemas urxentes no medio das crisis e das rápidas transformacións macro económicas de hoxe en día: despoboación, falta de reemplazo xeracional, agresións paisaxísticas e ambientais, posición subalterna nas relacións económicas coa agroindustria ou a industria alimentaria, destrución dos equilibrios económicos e comunitarios tradicionais, desemprego ou infrarrepresentación nos eidos da cultura e do discurso e o debate políticos.

## A comunidade local

Todas as culturais rurais baséanse nun esforzo colectivo para realizar algúns traballos e, logo, organizar celebracións culturais e festas conxuntamente. O proxecto *A Collaborative Village Play* insírese nesta tradición na que a cultura popular non está desligada da comunidade nin doutras facetas da vida, antes ben, é producida e disfrutada por tódalas persoas; non hai separación entre os que “producen” e os que “consumen” de forma pasiva senón que todas as personas son axentes activos á hora de dar forma a un evento e de tomar decisións artísticas conxuntamente para despois facelo publico e celebralo. As formas de auto organización cultural popular van dende o asociacionismo ou voluntariado ate as “comisións de festas”, por exemplo.

Tomando como referencia estas formas de auto organización popular, e con este horizonte xenérico de interese polo agro como espazo de produción económica e cultural, Antje

Schiffers / Myvillages, desde as artes visuais, e Katalin Erdödi, dende as artes escénicas e do corpo, artellaron o proxecto *A Collaborative Village Play* que se está desenvolvendo en varias zonas rurais de Europa no que buscan alizanzas con iniciativas ou institucións que traballan con perspectiva situada e axentes culturais locais como Máté Kőrösi e Orsolya Török-Illyés no caso de Nagykomarás, Medgyesegyháza e Szeged en Hungría; Anja Imig, Thomas Matschoss, India Roth, Antje e Karin Knobloch, Martin König, Thomas Sprenger ou Markus Voigt en Bostelwiebeck, Alemania; e Manuel Oliveira, Vicente Colomer, Tono Mejuto ou Pepe Romero en Porto do Son, Galicia, España.

Esa actitude propositiva e resiliente que pon en valor os saberes e as prácticas rurais fai que no proxecto estea presente unha atención á realidade dos sectores productivos locais centrados no sector primario, sobre todo agricultura, marisqueo e pesca; unha posición emancipatoria diante do enfrentamento entre os discursos binarios cidade- agro; unha revalorización das culturas tradicionais e dos saberes populares; un recoñecemento do legado cultural e identitario para o futuro; e, finalmente, unha defensa dun cambio urgente nas políticas rurais, agrícolas, pesqueiras, medioambientais e enerxéticas tanto a nivel global como, sobre todo, local.

Efectivamente, as sociedades tradicionais do rural teñen desenrolado un equilibrio co medio tanto a nivel paisaxístico como productivo que deron lugar a culturas vernáculas caracterizadas pola sustentabilidade do sistema, a economía circular, a auto organización, os traballos colectivos orientados a manter infraestruturas e recursos comunitarios, o voluntariado ou a colaboración mutua e a responsabilidade persoal que as fixo economicamente sostibles e bastante autosuficientes durante séculos.

Este equilibrio secular -esgazado coa modernización fomentada dende os anos 50, e de maneira máis acentuada dende a globalización impulsada nos anos 80 do pasado século- foi alterado polas rápidas transformacións que, se ben melloraron en xeral as condicións de vida, tamén provocaron unha serie de problemas, como os xa sinalados, que nos últimos anos se están a agudizar. Diante dos retos sociais, económicos, culturais e ambientais globais, o proxecto xenérico *A Collaborative Village Play* ensínanos que podemos aprender da resiliencia local, da capacidade de actuar das culturas tradicionais e, sobre todo, do seu potencial de innovación.

O primeiro *A Collaborative Village Play* fíxose no ano 2021 no sureste de Hungría. A obra foi producida por e cos labregos de Nagykomarás, onde están moi orgullosos de cultivar sandías, malia a corrupción que campa pola rexión. Por iso o proxecto final levou o título de *Watermelon Republic*, A república da sandía. O obxectivo era realizar unha obra de arte

contemporánea colectiva cos veciños da vila partindo da cultura local e dos saberes asociados aos traballos agrícolas, xeralmente pouco valorados dende a arte moderna que adoita ter uha perspectiva urbanita. O resultado é unha mestura das tradicións locais e das experimentacións contemporáneas.

Posteriormente levouse a cabo un segundo *Village Play* no 2022 en Alemania, nun pobo da Baixa Saxonia chamado Bostelwiebeck, co gallo de ter unha idea de conxunto do que está a pasar no mundo rural en diversos lugares de Europa. O título deste *Village Play* foi *Alte Bäume werfen Schatten*, As árbores vellas fan sombra. Seguindo a mesma metodoloxía que en Hungría, en Alemania traballaron con labregos e axentes culturais locais para producir unha obra que, ademáis de procurarse autopracar de forma situada, puxese en valor as tradicións locais propias desa zona hibridándoas cos formatos da arte contemporánea para visibilizar temas como a pervivencia da tradición, o relevo xeracional, a comunidade e os cambios productivos, económicos e mesmo paisaxísticas que se están a producir.

A derradeira manifestación do *Village Play*, polo de agora, tuvo lugar en Porto do Son, unha vila mariñeira da costa atlántica galega, en 2022. Ademáis da agricultura tradicional, na comarca do Barbanza a base da economía é o marisqueo e a pesca de baixura, o que supón unha especificidade no espectro das culturas rurais de Europa.

Da man de mariñeiros, pescas, mariscadoras, percebeiras ou redeiras e de axentes culturais como o Museo Marea, a Banda de música Suevia ou a Grupo de danza Anduriña, o equipo “motor” constituído por Antje Schiffrers, Katalin Erdödi e Manuel Olveira traballou colectivamente xunto con veciños e institucións durante o ano 2022 para artellar unha actuación ou performance que se presentou o 15 de outubro na lonxa da Confraría de pescadores de Porto do Son coa presenza de veciños vencellados ao mar de Porto do Son, pero tamén de Portosín ou Corme.

O título desta obra colectiva foi *O canto da subasta*, e está inspirado na forma tradicional de subastar o peixe cantando os prezos de mais a menos. Ao igual que nos dous *Village play* anteriores, a través das formas culturais aparecen temas como o futuro e o relevo xeracional, a comunidade e o disfrute, ou o traballo, a economía e as alianzas. Todo isto ten unha clara posición política que pon en valor as cousas que se poden disfrutar nunha pequena vila como a comida ou a cultura, pero que tamén valora o que podemos aprender: a resistencia da comunidade a través da colaboración, a protección medioambiental que garantiza a continuidade da pesca ou dos cultivos, o respecto por tódalas profesións e a alegría que podemos procurarnos por nós mesmos en compañía doutros fora do consumismo.

## A exposición *Redes do país*

As experiencias e producións levadas a cabo dentro do proxecto xenérico *A Collaborative Village Play* nas zonas rurais de Nagykomarás (Hungría), Bostelwiebeck (Alemania) e Porto do Son (España) entre 2021 e 2022 son os alicerces que sosteñen a exposición *Redes do país* na Fundación Luis Seoane con obras e obxectos producidos en cada un dos tres lugares e repartidos en cada un dos tres temas da mostra. O título é unha declaración das intencións e motivacións da mostra en sí mesmo. A palabra “rede” exemplifica as ideas de comunidade, colaboración e traballo; mentres que “do país” nomea o propio dun lugar específico e unha perspectiva situada para traballar nel e con él. Estes conceptos e prácticas están estruturados na exposición mediante tres capítulos ou epígrafes.

O primeiro leva por título “O bo camiño”, unha expresión que empregou Rogelio Santos en Porto Nadelas, un porto natural da aldea de Queiruga, para falar do futuro, da continuidade da actividade pesqueira e do relevo xeracional nunhas profesións tan duras como a pesca ou a agricultura.

O segundo epígrafe leva por título “A eso chámolle vivir”, unha frase que Carmen Carabel dixo en Corme mentras nos contaba a súa concepción do sentido da familia e da comunidade que se constrúe compartindo o traballo, contando historias e cantando para acompañar as alegrías e tamén os sinsabores da vida. A cultura oral de contos e cantos está presente en todas as zonas rurais europeas e tamén en Galicia, ate o punto de ser importantes bases no *Village Play*.

O derradeiro capítulo da exposición céntrase no traballo, na economía e nas alianzas. O título é “Sabemos cooperar”, unha expresión que empregou Emilio Queiruga cando nos ofreceu a lonxa para facer a performance mentres falabamos dos retos económicos e dalgunhas estratexias (ecolóxicas e medioambientais para protexer a flora e a fauna, pero tamén culturais para darlle valor aos saberes e tradicións rurais) a través das que facer posible a continuidade do sector primario.

As películas, obras e obxectos resultantes do traballo en Nagykomarás, Bostelwiebeck e Porto do Son van acompañados de audios dalgunhas das persoas que nos contan directamente a súa experiencia acompañándonos nos *Village Play*, nestes exercicios de encontro, memoria e xogo que nos posibilitan falar e disfrutar do traballo, da vida e da cultura nas aldeas e nas pequenas vilas.

## Porto do Son como exemplo

Dende a perspectiva de Galicia, Porto do Son exemplifica, a pesar das diferenzas idiosincrásicas, dinámicas sociais e económicas semellantes noutros lugares de España e tamén de Europa, como proban Nagykararás en Hungría e Bostelwiebeck en Alemaña. No caso concreto de Porto do Son, unha pequena vila mariñeira situada na ría de Muros-Noia, na parte norte da comarca do Barbanza, na provincia da Coruña, amosa algúns trazos ben xerais ben singulares. Aínda que presenta actividades agrícolas e forestais importantes, a súa localización xeográfica e a presenza do mar, determinan claramente a súa especialización productiva.

Aínda que o seu escaso dinamismo económico nos anos 80 e 90, sobre todo se a comparamos con outras vilas e pobos da comarca como Ribeira ou Boiro, por exemplo, propiciou que Porto do Son conservase a arquitectura e o urbanismo propio dunha vila mariñeira (adaptación ao espazo físico, materiais e formas construtivas tradicionais, mantemento dos ritmos estacionais e das manifestacións populares, etcétera); tamén é certo que está a sufrir cambios tanto na pesca como no marisqueo, dúas das súas actividades económicas principais.

Máis aló dos cambios nas disposicións administrativas que regulan estas actividades e dos cambios nas formas tradicionais de explotación, o máis característico é que se está desenvolvendo a actividade estacional do turismo e, diante os cambios tecnolóxicos da pesca tradicional, tense ampliado o porto, téñense substituído as pequenas embarcacións (como dornas, gamelas e chalanas de madeira, características do patrimonio económico e cultural das Rías Baixas), tense abandonado a construción destas embarcacións polos “carpinteiros de ribeira” en beneficio de embarcacións industriais, a organización do traballo familiar foi substituído por iniciativas de autónomos ou de pequenas empresas, recurrido, ás veces, a traballadores migrantes diante do desinterés das novas xeracións (sobre todo pola dureza e o perigo de actividades como as dos percebeiros, por exemplo) e así van entrando en crise as formas de aprendizaxe tradicionais dos oficios que requiren moito tempo e constancia por parte de traballadores experimentados (mariñeiros, redeiras, etcétera).

## Metodoloxía colaborativa

Esta realidade descrita someramente estará presente en xeral no proxecto *Redes do país*, e en particular na obra *O Canto da subasta*, que, a través de unha metodoloxía de traballo



colaborativa, presenta experiencias e perspectivas relevantes sobre os procesos de transformación local, incluíndo aspectos económicos, culturais, patrimoniais e de cultura inmaterial. *O canto da subasta* pon en escena os problemas e os retos de Porto do Son, en parte extrapolables a outras pequenas vilas das rías gallegas, en parte tamén extrapolables a outras zonas rurais de Europa, a través dos saberes e os relatos en primeira persona de mariñeiros, pescadores, mariscadoras, redeiras, carpinteiros de ribeira, confradías de pescadores, escritores, investigadores das culturas tradicionais e outros axentes culturais. Así, involucrando á cidadanía na súa diversidade, ós e ás traballadoras, ós actores económicos e ós axentes culturais locais, reconécese e ponse en valor unha tradición local secular enfrentada aos retos e transformacións do novo milenio.

O proxecto xenérico dos *Village Play* está inspirado nas formas de documentación contemporáneas e na performance actual, pero tamén nas tradicións do teatro rural, na capacidade da música para transmitir a vivencia nun determinado contexto, nas expresións de danza que sintetizan formas particulares de entender o movemento en relación co traballo no mar ou no agro e, no caso concreto do *Village Play* realizado en Porto do Son, nas manifestacións culturais da regueifa que expresan conflitos sociais e de xénero a través da música e do canto, por exemplo. Ademáis, nas diferentes obras e obxectos producidos nos *Village Play* e presentados na exposición *Redes do país* inclúen, ademáis de pinturas, fotografías e videos, expresións didácticas, relatos orais, contos populares, bailes e cantos, etcétera. Estas conformacións culturais tradicionais e contemporáneas son entendidas dunha forma transformadora e política que non exclúen a retranscra, o humor e o disfrute que están presentes nos, parafraseando a Foucault, "saberes sometidos" populares.

Manuel Olveira